

Dna. MARÍA BEATRIZ DEL CERRO DEL RÍO, Secretaria do Concello de Ponte Caldelas, provincia de Pontevedra.

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada en data **30 de xuño de 2017**, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

10.2 Aprobación de prezo público xantar popular “Xantacaldelas”.

Dáse lectura da seguinte Proposta da Alcaldía:

I Xantar Popular “Xantacaldelas”

NORMAS REGULADORAS.

ARTIGO 1.- CONCEPTO

Por parte do Concello de Ponte Caldelas ofértase comida popular na Alameda de Ponte Caldelas o vindeiro 6 de agosto, denominada Xantacaldelas.

ARTIGO 2.- ACTIVIDADE OFERTADA.

- Data: 6 de agosto de 2017.
- Lugar : Alameda de Ponte Caldelas
- Menú ofertado pola empresa Grupo Valenciaga catering (registro de entrada de 14/06/2017): “Pinchos variados (empanada e embutidos ibéricos), carne richada con cachelos, sobremesa torta selva negra ou similar, café de pota.
- Prezo: 10 € por persoa por un mínimo de 90 persoas.

ARTIGO 3.- MEMORIA ECONÓMICO FINANCEIRA.

Memoria económico financeira relativa ós gastos a asumir pola realización da actividade:

- a) Custo do xantar: 10 € por participante.
- Estimación para o mínimo de 90 persoas: 900 €.
- b) Ingresos participantes: 900€ (10 € por persoa). Esta actividade verá incrementados os seus ingresos proporcionalmente ó número de participantes inscritos.
- c) O custo total da actividade ascende a 900 € (iva engadido). Esta actividade verá incrementado o seu custo proporcionalmente ó número de participantes inscritos.
- d) Grado de cobertura financeira por parte do Concello de Ponte Caldelas: 0 %

ARTIGO 4.- PREZO DE PARTICIPACIÓN NO XANTAR.

O prezo público de participación no xantar será de **10 € por participante**, que **deberán ser satisfeitos xunto coa presentación da solicitude de participación** e, en todo caso, sempre antes da realización da actividade.

A obriga de pagamento nace coa formalización da correspondente inscrición e **abonarse dunha sola vez ó realizar a inscrición.**

A renuncia á participación non dará dereito á devolución do prezo abonado excepto nos casos de forza maior debidamente acreditados; entendendo como forza maior o caso fortuíto inimputable, que proveña dunha causa enteiramente allea á vontade das partes, imprevisible, isto é, que non se teña podido prever dentro dos cálculos ordinarios e correntes, e irresistible, é dicir, que non se teña podido evitar.

O pago deberá de efectuarse no seguinte número de conta municipal da entidade ABANCA: ES91 2080 5057 44 3040004630.

ARTIGO 5.- NORMAS DE PROCEDIMENTO PARA OS INTERESADOS/AS.

Avenida de Galicia, 17_ Teléfonos 986750013/986750001 _ fax 986750020 _ 36820 Ponte Caldelas (Pontevedra). C.I.F. P_3604300_H

1. Os interesados/as na participación no xantar deberán de encher unha folla de **inscrición** en modelo normalizado facilitado a tal efecto **nas Oficinas Municipais** e será presentado nesta en horario de rexistro ou ben a través da sede electrónica municipal (pontecaldelas.sedelectronica.es) con data de **apertura de prazo o 1 de xullo e data de finalización o 31 de xullo ás 14:00 horas (non se admitirán solicitudes antes ou despois deste prazo)**. Esta solicitude deberá de vir **acompañada obrigatoriamente do xustificante de ingreso do importe do prezo público de participación na actividade no momento de presentación da mesma**.
2. En caso de non poder asistir, este feito deberá ser comunicado cun mínimo de 5 días naturais previos á realización da actividade, non dando dereito á devolución do importe satisfeito salvo causa de forza maior.
3. Requisitos de participación:
 - a) Non se admitirán inscricións colectivas. É dicir as solicitudes de participación deberán de ser individuais e persoais, nunca presentadas por Asociacións, Comunidades, ...
 - b) Os/as **menores de idade** deberán de ir obrigatoriamente acompañados dun adulto responsable.

ARTIGO 6.- SUSPENSIÓN DA ACTIVIDADE.

O Concello de Ponte Caldelas resérvase o dereito de decreta-la suspensión da actividade no caso de que a mesma non conte cun mínimo de **90 participantes** ou por calquera outra causa debidamente xustificada, procedéndose no seu caso á devolución dos importes satisfeitos.

ARTIGO 7.- ACEPTACIÓN DAS BASES.

A participación nestas actividades supón a aceptación de todas e cada unha das cláusulas recollidas nestas normas.

Visto o expediente arriba reseñado e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

PROPONSE QUE A XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDE:

1. Aprobar as Bases arriba recollidas.

Visto o expediente arriba reseñado e en virtude do Artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e do Decreto da Alcaldía de 15 de xuño de 2015:

A Xunta de Goberno Local ACORDA A SÚA APROBACIÓN por UNANIMIDADE dos Concelleiros/as asistentes.

E para que así conste ós efectos oportunos, expido a presente certificación coa salvedade do disposto no artigo 206 do RD 2568/1986, de orde e co Visto e Prace do Sr. Alcalde.

Vº e Pr.

O Alcalde ,

Asdo.: Andrés Díaz Sobral

A Secretaria,

Asdo.: María Beatriz Del Cerro Del Río.